Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical
Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
dacoruna.gal/intranet/sindicatos/ccoo

O REGULAMENTO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL IMPULSADO POR CCOO, CIG E UGT QUEDA POSPOSTO A UNHA VINDEIRA MESA DE NEGOCIACIÓN PARA SER SOMETIDO A CONSULTA PREVIA TAL E COMO INFORMA A SECRETARÍA XERAL

**CCOO VOTA A FAVOR DAS PARTIDAS PRESUPOSTARIAS DE ACCIÓN SOCIAL E DA MODIFICACIÓN DUNHA RPT QUE SUPÓN O INCREMENTO DE 9 PRAZAS NO CADRO DE PERSOAL**

CCOO VOTA EN CONTRA DA OEP 2025 POR NON AXUSTARSE Á NORMATIVA AO OMITIR A INCORPORACIÓN DE PRAZAS DE DOCENTES QUE SE ATOPAN NA RPT E LEVAN TEMPO OCUPADAS

Hoxe celebrouse reunión da Mesa Xeral de Negociación coa seguinte orde do día: 1. Aprobación da acta da reunión anterior. 2. Aprobación da Relación de Postos de Traballo (RPT), cadro de persoal e organigrama 2026. 3. Aprobación das partidas presupostarias de acción social. 4. Aprobación da Oferta de Emprego Público (OEP) 2025. 5. Aprobación do regulamento para a selección de persoal temporal na Deputación Provincial da Coruña. 6. Aprobación do Protocolo para a xestión de conflitos e a prevención de condutas inapropiadas na contorna laboral. 7. Aprobación do Protocolo de actuación fronte ao acoso e as violencias sexuais e psicolóxicas no traballo. 8. Rogos e preguntas.

**O regulamento para a selección de persoal temporal impulsado por CCOO, CIG e UGT queda posposto a unha vindeira mesa de negociación para ser sometido a consulta previa tal e como informa a Secretaría xeral**, que indica que "non debería someterse a negociación colectiva un texto que non foi obxecto da consulta previa, so pena de anulabilidade, en tanto que debe abrirse prazo de consulta no que xa podería terse en conta a proposta das seccións sindicais", "… o que someto a súa consideración para deixar ese asunto sobre a mesa na sesión da mesa de negociación colectiva prevista para mañá". Neste sentido CCOO expresou en mesa o importancia de que se convoque a dita mesa de negociación, para aprobar o regulamento, inmediatamente despois de que finalice o período de consulta previa, coa intención que reciba a aprobación plenaria antes de rematar o ano.

**CCOO vota a favor das partidas presupostarias de acción social e da modificación dunha RPT que supón o incremento de 9 prazas no cadro de persoal,** aínda que consideramos que non é suficiente dado o volume de traballo que en certas áreas debe asumir o persoal. Por outra banda, non compartimos algunhas das cuestións que se inclúen nesta modificación de RPT como por exemplo o obsoleto sistema de titulacións, onde pedimos que se actualice en consonancia co plan Bolonia, ou a estrutura de pirámide invertida na que se está a converter a Deputación (se ben apoiamos a creación de xefaturas, consideramos que estas deben vir acompañadas da creación de postos base para corrixir a dita estrutura en pirámide invertida). Asemade, valoramos positivamente que a Corporación aceptase a nosa petición de deixar sobre a mesa unha modificación unilateral da condición dun posto de traballo sen a correspondente valoración e estudio no Comité de Valoración de Postos de Traballo.

Os puntos 6 e 7, referentes aos protocolos, foron aprobados por unanimidade pois emanan de acordos acadados no Comité de Seguridade e Saúde que pretenden facilitar a convivencia laboral.

**CCOO vota en contra da OEP 2025 por non axustarse á normativa ao omitir a incorporación de prazas de docentes que se atopan na RPT e levan tempo ocupadas**. Que a Corporación estea dialogando coa Xunta de Galicia de cara á transferencia dos centros docentes IES Puga Ramón e IES Rosalía Mera, non lle exime do deber legal de incluír as ditas prazas na OEP, máis no caso dalgunhas que levan

ocupadas pola mesma persoa dende fai tres anos e, incluso, máis tempo. CIG tamén votou en contra, mentres que UGT se abstivo e CSIF votou a favor.

O seguinte cadro reflicte a OEP correspondente ao ano 2025:

| Código praza | G | Denominación praza | Cota | Prazas |
|---|---|---|---|---|
| 1.1.4.156 | C2 | Auxiliar AX | Libre | 1 |
| 1.1.4.121 | C2 | Auxiliar AX | Promoción Interna | 1 |
| 1.1.3.284 | C1 | Administrativo/a AX | Libre | 1 |
| 1.1.3.253 | C1 | Administrativo/a AX | Libre | 1 |
| 1.1.3.247 | C1 | Administrativo/a AX | Libre | 1 |
| 1.1.3.298 | C1 | Administrativo/a AX | Promoción Interna | 1 |
| 1.1.3.259 | C1 | Administrativo/a AX | Promoción Interna | 1 |
| 1.1.2.97 | A2 | Técnico/a xestión AX | Libre | 1 |
| 1.1.2.29 | A2 | Técnico/a xestión AX | Libre | 1 |
| 1.1.2.101 | A2 | Técnico/a xestión AX | Libre | 1 |
| 1.1.2.100 | A2 | Técnico/a xestión AX | Promoción Interna | 1 |
| 1.1.1.61 | A1 | Técnico/a administración xeral | Libre | 1 |
| 1.1.1.65 | A1 | Técnico/a administración xeral | Promoción Interna | 1 |
| 1.1.90.8 | AP | Camareiro/a | Libre | 1 |
| 1.1.85.15 | C1 | Cociñeiro/a | Libre | 1 |
| 1.1.85.9 | C1 | Cociñeiro/a | Libre | 1 |
| 1.1.72.17 | C1 | Condutor/a | Libre | 1 |
| 1.1.70.1 | C1 | Axente tributario | Libre | 1 |
| 1.1.117.8 | B | Oficial de imprenta - preimpresión | Libre | 1 |
| 1.1.152.6 | B | Oficial de imprenta - preimpresión | Libre | 1 |
| 1.1.143.2 | B | Oficial de imprenta- deseñador gráfico | Libre | 1 |
| 1.1.152.4 | B | Oficial de imprenta - impresión | Libre | 1 |
| 1.1.152.10 | B | Oficial de imprenta - impresión | Libre | 1 |
| 1.1.138.18 | B | Educador/a infantil | Libre | 1 |
| 1.1.138.19 | B | Educador/a infantil | Libre | 1 |
| 1.1.138.20 | B | Educador/a infantil | Libre | 1 |
| 1.1.106.4 | B | Titor/a | Libre | 1 |
| 1.1.108.7 | A2 | Educador/a | Libre | 1 |
| 1.1.108.9 | A2 | Educador/a | Libre | 1 |
| 1.1.42.1 | A2 | Enxeñeiro/a técnico agrícola | Libre | 1 |
| 1.1.48.18 | A2 | Axudante arquivo e biblioteca | Libre | 1 |
| 1.1.46.5 | A2 | Técnico de servizos sociais | Libre | 1 |
| 1.1.112.2 | A1 | Técnico/a políticas igualdade | Libre | 1 |
| 1.1.116.37 | A1 | Técnico/a financeiro tributario | Libre | 1 |
| 1.1.116.44 | A1 | Técnico/a financeiro tributario | Promoción Interna | 1 |
| 1.1.131.1 | A1 | Pianista | Libre | 1 |
| TOTAL | | | | 36 |

Finalmente, en rogos e preguntas, todas as centrais sindicais preguntaron sobre a situación das posibles transferencias dos centros educativos á Xunta, mentres a Corporación indicou que cando comecen as negociacións se informará plenamente, tanto ao persoal afectado como as centrais sindicais. CCOO volveu, unha vez máis, a solicitar o desenvolvemento dun regulamento de teletraballo que permita a implantación do traballo a distancia para o persoal da Deputación igual que acontece noutras administracións. Tamén solicitamos, ao igual que UGT, que se desenvolva un novo plan de ordenación de RRHH que recolla os mecanismos necesarios para, entre outras cousas, levar a cabo os procesos de promoción interna do persoal.